

DOMINGO 26 ORDINARIO CICLO A

PRIMEIRA Ez 18, 25-28

Cando o malvado se arrede da súa impiedade, salvará a súa vida

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE EZEQUIEL

Di o Señor:

E vós respondedes: "Non é xusto o proceder do Señor".

Escoitade, Casa de Israel:

- Non é xusto o meu xeito de comportarme?

Non é máis ben o xeito de vos comportardes vosoutros o que é inxusto?

Cando o xusto se aparta das súas obras de xustiza

e comete iniquidades e morre debido a elas,

morre debido ás iniquidades que el cometeu.

Cando o malvado se aparta da maldade que cometeu

e practica o dereito e a xustiza,

entón el consegue a vida.

Se cae na conta e se aparta da maldade que cometeu,

vivirá de certo, non morrerá.

SALMO RESPONSORIAL Sal 24, 4bc-5. 6-7. 8-9

R/ (6a): Lémbrate, Señor, da túa compaixón

Móstrame, Señor, os teus camiños

ensíname os teus sendeiros,

diríxeme na túa verdade, apréndeme,

pois ti es, Deus, o meu salvador

e estoute a esperar todo o día.

Lémbrate, Señor, da túa compaixón e do teu amor,

pois existen desde sempre.

Dos erros e das culpas da miña mocidade non te lembres:

acórdate de min segundo o teu amor,

Señor, pola túa bondade.

O Señor é bo e recto:

por iso ensínalle o camiño aos extraviados,

dirixe aos xustos no xuízo

e móstralles aos humildes o vieiro.

SEGUNDA Flp 2, 1-11 (longa)

Tede entre vós os mesmos sentimentos que Cristo Xesús

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO ÓS FILIPENSES**

Irmáns e irmás:

Así que, se vale de algo o alento que recibides en Cristo, se vos anima o amor mutuo, se hai comunión no Espírito e se hai sentimentos en vós de agarimo e misericordia, facede completa a miña alegría, levándovos ben, tendo un mesmo amor, unha soa alma, unha mesma idea. Non fagades nada á retesía nin por fachenda. Que cadaquén pense humildemente que os outros son máis ca el. Non mirar cada un polo que lle ten conta a el, senón tamén polo que llela ten aos outros.

Tede entre vós a mesma actitude de Cristo Xesús.

El, con ser de condición divina,
non se agarrou cobizosamente á súa categoría de Deus;
senón que se espiu do seu rango,
asumió a condición de escravo;
fíxose un home normal e presentouse coma tal
abaixouse a si mesmo, facéndose obediente ata á morte,
je a morte na cruz!

Por iso tamén Deus o exaltou sobre todo
e lle concedeu un título que está por riba de calquera título
para que ante o título de Xesús se dobre todo xeonllo
no ceo, na terra e mais no abismo,
e para que toda lingua proclame
para gloria de Deus Pai
que Xesús Cristo é o Señor.

SEGUNDA Flp 2, 1-5 (máis breve)

Tede entre vós os mesmos sentimentos que Cristo Xesús

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO ÓS FILIPENSES**

Irmáns e irmás:

Así que, se vale de algo o alento que recibides en Cristo, se vos anima o amor mutuo, se hai comunión no Espírito e se hai sentimentos en vós de agarimo e misericordia, facede completa a miña alegría, levándovos ben, tendo un mesmo amor, unha soa alma, unha mesma idea. Non fagades nada á retesía nin por fachenda. Que cadaquén pense humildemente que os outros son máis ca el. Non mirar cada un polo que lle ten conta a el, senón tamén polo que llela ten ós outros.

Tede entre vós a mesma actitude de Cristo Xesús.

ALELUIA Xn 10, 27:

As miñas ovellas escoitan a miña voz, di o Señor; e eu coñézoas, e elas séguenme

DOMINGO 26 ORDINARIO CICLO A

EVANXEO Mt 21, 28-32

Arrepentido, foi. Os publicanos e prostitutas entrarán no Reino de Deus antes ca vós

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela díxolle Xesús aos sumos sacerdotes e aos anciáns do pobo:

- Que vos parece?

Un home tiña dous fillos. Foi onda o primeiro, e díxolle:

- "Meu fillo, vai traballar hoxe na viña".

El respondeu:

- "Non quero"; pero despois, arrepentido, foi.

Foise onda o outro e díxolle o mesmo.

El respondeu:

- "Vou, señor"; pero non foi.

- Quen dos dous fixo a vontade do pai?

Respondéronlle:

- O primeiro.

Entón díxolles Xesús:

- Asegúrovos que os recadadores e mailas prostitutas entrarán no Reino de Deus antes ca vós. Porque veu Xoán para vos ensinar o camiño da xustiza, e non lle fixestes caso; en cambio, os recadadores e mailas prostitutas, si que llo fixeron. Pero vós, aínda despois de ver aquilo, nin vos arrepentistes nin crestes.